

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE XUÑO DE 2010

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ (que se incorpora á sesión no punto número 14/392), DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 9 de xuño de 2010.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase desestimar o recurso potestativo de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 18 de novembro de 2009.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela 17, polígono 80, sita na avenida Duquesa de Lugo; para parcelamento da parcela 37, polígono 80, sita na avenida Duquesa de Lugo; para parcelamento do predio matriz en 3 parcelas, sito no núcleo rural tradicional de Burgo, Parroquia de San Vicente do Burgo; para parcelamento da parcela matriz cunha superficie de 482,30 m², en dúas parcelas, sita na rúa Camiño de Romai, número 31; para demolición de tres edificacións sitas na rúa Lamas de Prado, números 39, 41 e 43; para demolición parcial da edificación sita na rúa Escalinata, número 1, esquina rúa Miguel de Cervantes; para modificacións no proxecto coa licenza de obras número 73/07, para construír un edificio na rúa Nicomedes Pastor Díaz, números 25-27, e rúa Castelao, número 82; para realizar modificacións introducidas na distribución interior, que afectan ás dimensións dos

compartimentos interiores correspondentes á estabulación semilibre coa licenza de obra número 146/00, sita no núcleo rural tradicional do Burgo E para ampliación de vivenda unifamiliar illada, construída coa licenza municipal número 1548/08, sita no núcleo rural tradicional de Locai, Parroquia de Santa María Alta.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a prórroga do contrato administrativo asinado coa empresa adxudicataria do servizo de transporte de nenos/as dende o Carqueixo ata as escolas infantís da cidade de Lugo, dende o 31 de xullo de 2010 ó 30 de xullo de 2011.

Acordase a autorización de instalación de restaurantes na festa “Arde Lucus 2010”.

Acórdase retirar da orde do día o asunto relativo a adxudicación provisional para a contratación da adquisición de software para conexión de ERP municipal á Dirección Xeral de Tráfico e renovación de software servidor de correo electrónico (10 FEESL 13), por tratarse dun asunto para o que se delegou a adxudicación provisional e definitiva na Tenencia de Alcaldía de Economía e Emprego.

Acórdase a adxudicación provisional na contratación das obras de acondicionamento de semisoto para galería de tiro, remates ximnasio e acondicionamento do contorno.

Así mesmo, acordase a aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto, e a adxudicación por procedemento negociado na contratación das obras de repavimentación no recinto histórico, rúa da Raíña e rúa San Froilán e a apertura do procedemento de adxudicación.

Tamén se acorda a adxudicación provisional na contratación para arrendamento con opción de compra, mantemento, subministración de consumibles e reparación dos sistemas de impresión do Concello de Lugo.

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ó denegarse a licenza solicitada para

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 10extractoxg28.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-6-2010

legalización de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar, sita na rúa Illa de Eivisa, 9.

Así mesmo, acordase a regularización da situación tributaria, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ó denegarse a licenza solicitada para legalización de ampliación de entresollado da edificación sita na rúa Rof Codina, 7.

Lugo, 16 de xuño de 2010
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García